

QUE SUPÓN O ACORDO DE PENSÍONS E OUTRAS PREGUNTAS QUE RESOLVE UGT #TUDUDATUSOLUCIONUGT

Por que se di que o acordo de pensións non supón ningún recorte nos dereitos das e os pensionistas?

Porque, por primeira vez, actúase sobre os ingresos do Sistema de Seguridade Social e non sobre os gastos, que supoñía recortar contía ou dereitos ás e ós pensionistas.

O período de cálculo da pensión, é opcional?

Si, nas dúas próximas décadas, ata o 2040. A pensión poderá calcularse conforme aos últimos 25 anos cotizados, actual regulación, ou ben cos últimos 29 anos, descartando os dous peores (co que na práctica serán 27 anos). O sistema elixirá a máis favorable para o pensionista. Desde 2040 a 2043 implantarase a segunda de forma progresiva. A partir de 2044 non se poderá elixir, e a pensión calcularase con 27 anos efectivos de cotización. Mentres existan estas dúas alternativas, a Seguridade Social aplicará a máis vantaxosa para o traballador ou traballadora.

Que é destopar as bases máximas e como queda co acordo?

Ata o de agora os salarios máis elevados estaban exentos de cotizar máis aló dunha cantidade. En 2023, sitúase nos 4.495,50 euros brutos ao mes. Ese é o tope máximo da base de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social. Pero a partir deste acordo establécese que a base máxima subirá conforme ao IPC anual, como as pensións, e sumaráselle unha contía fixa de 1,2 puntos porcentuais desde o 2024 ata o 2050. Esta achega será compensada con aumentos da pensión máxima a futuro.

A cota de solidariedade á Seguridade Social, temos que pagala todas e todos?

Non, só afecta as persoas que reciben salarios moi elevados, por encima da base máxima de cotización. Terán que achegar un 0,92, un 1 ou un 1,17%, dependendo de se se supera en ata un 10 %, ata un 50%, ou máis, a base máxima en 2025, e irá aumentando a un ritmo de 0,25 puntos por ano ata chegar ao 5,5 %, 6% ou 7% en 2045, respectivamente. Trátase de que os que máis gañan contribúan máis ao Sistema Público de Pensións.

Canto soben as pensións máximas con este acordo?

As pensións máximas (actualmente, sitúanse en 3.059 euros mensuais por 14 pagas) revalorizaranse anualmente co IPC, como o resto das pensións, máis un incremento adicional de 0,115 puntos porcentuais acumulados cada ano desde 2025 ata 2050. A partir dese ano e ata 2065 haberá 'incrementos adicionais' da pensión máxima.

Canto subirán as pensións mínimas?

As pensións mínimas contributivas subirán progresivamente desde 2024 ata alcanzar en 2027 o 60% da renda media correspondente a un fogar con dous adultos, tomando como referencia a evolución da pensión mínima con cónxuxe a cargo. Isto supón un alza de ao redor dun 22%. Así, a pensión mínima contributiva con cónxuxe a cargo pasará de 966,20 euros ao mes a 1.178,50 euros, é dicir 16.500 euros en 14 pagas no ano.

Por que se di que este acordo beneficia ás mulleres?

Porque trata de suplir as lagoas ou interrupcións das carreiras laborais, algo que afecta sobre todo ás mulleres. Inclúe, durante máis anos, unha maior cobertura para as mulleres. Ademais, o complemento da brecha de xénero das pensións incrementarase un 10% adicional á revalorización anual nos próximos dous anos, 2024 e 2025.

FOLGA NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA O 31 DE MARZO

Redacción.- As asembleas de traballadores e traballadoras do transporte de viaxeiros/as por estrada realizadas nas catro provinciais aprobaron por unanimidade ir á folga o 31 de marzo en demanda do desbloqueo da negociación colectiva. Os catro convenios provinciais están paralizados e aínda que a mesa da Coruña, Ourense e Pontevedra mantén as reunións, nestas non se producen avances, mentres que a de Lugo nin sequera se reúne.

O día da folga, ademais dos habituais piquetes informativos, faranse concentracións nas estacións de autobuses das sete cidades galegas ás 11:00h, agás en Pontevedra, onde será ás 18:00h.

Esta folga será a continuación das manifestacións previas realizadas polo persoal do sector na Coruña e en Santiago de Compostela e, de non producirse avances, as centrais sindicais UGT, CCOO e CIG xa advirten que á volta de Semana Santa as mobilizacións se intensificarán.

Neste senso, denuncian que á parálise dos convenios e á non actualización das condicións laborais, salariais e sociais do persoal, hai que sumar os reiterados incumprimentos dos convenios colectivos por parte da patronal, que levaron a que hoxe o sector estea altamente precarizado.

Aínda que neste sector a maioría dos cadros de persoal están formados por traballadores condutores,



nos últimos anos o colectivo de acompañantes, maioritariamente integrado por mulleres, medrou de maneira considerable. Estas traballadoras padecen unhas condicións de precariedade absoluta, tendo que aturar contratos de ata media hora ou unha hora e incumprimentos salariais continuos.

Ás nefastas condicións do persoal engádeselle o estado lamentable da flota de autobuses, con vehículos moi vellos que sofren avarías constantes que poñen en risco a seguridade no transporte.

Responsabilidade da Xunta de Galicia

Pero cómpre subliñar tamén que desta situación é responsable a Xunta, tanto a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade como a Consellaría de Educación, que per-

manecen cegas e xordas diante dos problemas do sector e nin sequera responderon ás múltiples denuncias realizadas.

A Xunta, no seu momento, sacou uns contratos infradotados economicamente, e a pesar disto a patronal presentouse incluso con rebaixas de ata o 30% sobre o prezo de saída, coa idea de que poderían obter beneficios a conta de precarizar ás traballadoras e traballadores, precarizar as condicións laborais e deteriorar a prestación do servizo ata límites insospeitados. Basta con comprobar como día si e día tamén as persoas usuarias se queixan polos atrasos nos horarios, as deficiencias do servizo ou incluso porque o autobús programado non pasa pola parada.

O sector non está disposto a asumir máis recortes nin precariedade e por iso inicia unha nova xeira de mobilizacións.

OS TRABALLADORES DO METAL DE LUGO MOBILÍZANSE EN DEMANDA DUN CONVENIO DIGNO E A ACTUALIZACIÓN DOS SALARIOS

Están a celebrar asembleas por toda a provincia

Redacción.- Os traballadores do sector do metal da provincia de Lugo abriron un calendario de mobilizacións ante a cerrazón da patronal a negociar un convenio digno e actualizar os salarios. Os empresarios do sector néganse a actualizar as cláusulas de garantía salarial ano a ano e con efecto retroactivo.

Xa van 12 reunións e non hai avances, o que levou aos sindicatos a iniciar un calendario de mobilizacións. Esta semana tivo lugar unha asemblea en Lugo, tras a cal produciuse unha concentración. A partir de agora celebraranse asembleas por toda a provincia nas que se debatirá sobre a posibilidade de intensificar as mobilizacións.



O SECTOR DO BINGO DE GALICIA EN FOLGA OS DÍAS 1 E 2 DE ABRIL

Redacción.- As centrais sindicais UGT e CIG convocan folga en todos os bingos de Galicia para os días 1 e 2 de abril ante a parálise na negociación do Convenio colectivo sectorial de empresas do xogo do bingo.

O Goberno galego baixou as taxas que gravan o xogo do bingo do 50% ao 30%. Unha baixada en impostos que unicamente está a en-

gordar os beneficios das empresas e non está a repercutir nas máis de 170 persoas traballadoras do sector. Este persoal leva dous anos sufrindo unha inflación desbordada e co convenio colectivo conxelado.

En materia salarial a proposta da patronal ABIGA é insuficiente e, ante o bloqueo da situación, todos os traballadores e traballadoras do

sector en Galicia están chamados á folga os próximos días 1 e 2 de abril.

Esperamos que esta decisión faga recapacitar á patronal sobre a súa postura de afastarse da negociación e se poida chegar a un acordo, sobre todo, no eido salarial, que permita a firma dun novo convenio colectivo.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO COMERCIO MANIFÉSTANSE ESTE DOMINGO NA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- FeSMC informa que os traballadores e traballadoras do sector do comercio vario da provincia da Coruña están convocados a unha manifestación o vindeiro domingo, día 26, ás 12.00 que saíra do centro comercial coruñés de Catro Camiños.

Despois de moitas reunións coa patronal do sector, esta mantén unha postura inamovible, propoñen uns incrementos salariais que non garantirán en ningún caso a recuperación do poder adquisitivo para uns salarios que xa son moi baixos e que están a quedar aínda máis mermados coa forte suba dos prezos. Para o 2020 propoñen un 0%, un 4% para o 2021, un 3,5% para o 2022, un 2,5% para o 2023 e un 2% para o 2024.

Durante os anos 2021 e 2022 a inflación sumou 12,2 puntos, dos que só ofre-

cen recuperar 7,5. Para o resto dos anos, as subidas son moi pequenas e cunha cláusula de revisión salarial que non garantiría o incremento do IPC.

Despois de moitas xuntanzas, o único avance que se conseguiu foron 6 sábados libres e algunha pequena mellora nas categorías.

O resto da plataforma está a recibir un non por resposta. Néganse a reducir a xornada anual, néganse a establecer pluses polos sábados ou tardes, ningunha mellora para premiar a antigüidade, non asumen a limitación para as contratacións inferiores a 24

horas que xa existe noutras provincias e non admiten máis días de asuntos propios ou outras licenzas.



UGT PARTICIPA EN PREVELSEL CUNHA PONENCIA SOBRE A VIXIANCIA DA SAÚDE E AS SÚAS IMPLICACIÓNS LEGAIS

Redacción.- UGT participou en Prevelsel cunha ponencia sobre a "A vixiancia da saúde dos traballador@s. Características e implicacións legais". Na xornada interviñeron o secretario xeral de UGT Ourense, Valdeorras e Verín, Cristóbal Medeiros; e o responsable dos Servizos Xurídicos de UGT-Galicia, Pedro Blanco.

Lembrar que Prevelsel é o salón da prevención e seguridade laboral que todos os anos se reúne en Ourense. Esta xa é a súa 16ª edición e celebrouse o días 22 e 23. Nel participan Administración, patronal, sindi-

catos e servizos de emerxencia para analizar os novos retos que se lle presentan á prevención e á seguridade laboral, reclamando que os novos plans de prevención das empresas integren aspectos como a perspectiva de xénero, a saúde mental, a ergonómia ou a diversidade interxeracional. Todo elo para seguir mantendo o mesmo obxectivo: acadar a sinistrali-



dade cero e evitar a intervención dos servizos de emerxencia.

A FUNDACIÓN ANASTASIO DE GRACIA PRESENTA EN FERROL A EXPOSICIÓN “UCRAÍNA, A GUERRA DOS CIVÍS”, DE LUÍS DE VEGA

Redacción.- A exposición “Ucraina, a guerra dos civís”, que recompila parte do traballo fotográfico realizado por Luís de Vega en Ucraína, foi inaugurada este martes en Ferrol pola Fundación Anastasio de Gracia, a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol.

A exposición, que mostra unha aproximación fotográfica á vida diaria dos civís ucráinos, permanecerá aberta ao público ata o próximo 21 de abril no Centro Cultural Torrente Ballester.

O acto de inauguración da exposición “Ucraina, a guerra dos civís”, contou coa presenza do director xeral da Fundación Anastasio de Gracia, Pedro L. Hojas Cancho; do presidente da Deputación da Coruña, Valentín González; do concelleiro da área de Economía e Facenda do Concello de Ferrol, Rafael Fernández; do comisario da exposición, Miguel Sánchez Moñita; da directora da área de Cultura e Centro Documental da Fundación, Uría Fernández; e dos secretarios xerais de UGT FICA Galicia e UGT-Galicia, Javier Carreiro e José Antonio Gómez, respectivamente. Dificulta-



des técnicas impediron que o autor da exposición, Luís de Vega, puidese conectarse por videoconferencia desde Ucraína e participar na inauguración como estaba previsto.

O fotoreportero Luís de Vega (Huelva, 1971) cubriu desde o principio como redactor e fotógrafo do diario El País a inva-

sión rusa de Ucraína. Aterrou en Kiev na tarde do 23 de febreiro, poucas horas antes de que o presidente Vladimir Putin ordenase ás súas tropas ocupar o país veciño. As imaxes de Luís de Vega, que conforman esta exposición, achégannos e emocionan coas súas impresións sobre como están a vivir os civís, con nome e apelidos, esta guerra en diferentes rexións do país.

OS SALARIOS PERDEN PODER ADQUISITIVO MENTRES O PIB E OS PREZOS CRECEN

Redacción.- Os datos de Contabilidade Nacional Trimestral (CNTR) correspondentes ao último trimestre de 2022, publicados hoxe polo INE, mostran un crecemento anual do PIB do 2,6% e unha variación de apenas un 0,2% trimestral. Estes datos son unha mostra máis da retardación que tivo a economía española ao final de 2022 ante a incerteza xerada pola guerra en Ucraína. Con todo, por agora evitouse a recesión económica que se prognosticaba desde moitos ámbitos.

No que respecta ao conxunto de 2022, finalmente o PIB da economía española creceu un 5,5%, un dato que está por encima das previsións que tiñan os principais organismos nacionais e internacionais recentemente (5,0% aproximadamente segundo o consenso de Funcas) e da orde das que apuntaban antes de que comezase a invasión rusa de Ucraína (5,6%), o que, para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, supón unha boa noticia.

Pese ao shock que supuxo o conflito bélico para os países máis desenvolvidos, España foi capaz de atravesar a tempestade e terminar 2022 cun bo crecemento da

economía e cun aumento do emprego que a CNTR cifra nun 3,8% máis de ocupados en postos equivalentes a tempo completo e un 4,3% no caso dos asalariados. Para UGT, estes resultados son a consecuencia dunha reforma laboral que era necesaria para impulsar a contratación achegando estabilidade laboral.

Con todo, o sindicato considera que hai outras circunstancias que afectaron á economía española e que non se sortearon con tanta destreza, como sucede coa inflación. Os salarios perderon 5,2 puntos porcentuais de capacidade adquisitiva en 2022 debido ao comportamento do nivel xeral dos prezos (aumento do 8,4% en 2022) e ás baixas variacións salariais (2,8%). Isto afectou ao desempeño da economía española sobre todo no terceiro e cuarto trimestre, cando houbo unha evidente deceleración con crecementos practicamente nulos en termos trimestrais.

CEOE debe negociar unha subida dos soldos

Aínda que agora estanse revisando

as previsións de crecemento á alza, o certo é que existen riscos de desaceleración en 2023, derivados esencialmente de dúas circunstancias: dun lado, o aumento de tipos de interese do BCE, que dificulta o crédito e encarece as hipotecas; doutro lado, a forte perda de poder adquisitivo dos salarios, principal sustento do consumo dos fogares e, por tanto, da actividade.

Neste sentido, UGT considera fundamental recuperar o poder de compra perdido polas persoas traballadoras, para o que sería moi útil que se alcance un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), que fixe unhas liñas mestras para os acordos nos convenios colectivos. A proposta sindical de establecer unha parte das variacións salariais ligadas á evolución da inflación e dos beneficios empresariais achega xustiza e capacidade de adaptación ao contexto económico, algo esencial en momentos de inestabilidade como o actual. Por iso, UGT reclama á patronal que sente xa a negociar e asuma as súas responsabilidades coas necesidades económicas do país e das propias empresas ás que representa.

UGT SUBSCRIBE O PACTO SOCIAL CONTRA OS DISCURSOS DE ODIO

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, xunto coas organizacións da sociedade civil que traballan polos dereitos humanos e os sindicatos máis representativos, subscribiu un texto consensuado nos últimos meses que define un Pacto Social contra os discursos de odio ante a proliferación deste tipo de mensaxes na esfera pública.

As entidades asinantes trasladaron o texto aos partidos políticos para conseguir que se traduza nun Pacto de Estado, posto que os discursos de odio son a antesala dos delitos de odio. E é que, segundo o informe de delitos de odio do Ministerio do Interior, en 2021 os delitos de odio creceron un 6%. Así mesmo, a organización internacional ILGA relaciona directamente o aumento de discursos de odio co incremento de agresións no seu último Informe Anual sobre a Situación dos Dereitos Humanos das Persoas LGBTI+ en Europa e Asia Central.

Así, a través deste Pacto, impulsado desde o activismo de persoas LGBTI+, entidades que defenden os dereitos de persoas en situación de sinhogarismo, migrantes, refuxiadas, xitanas, novas, persoas con VIH ou con discapacidade, entre outras e os sindicatos máis representativos, pediron aos partidos que impulsen un acordo institucional para blindar os dereitos humanos e en contra dos discursos de odio.

Tamén, instáronlles a asumir o compromiso político de cumprir a normativa europea e internacional de dereitos humanos e a promover unha

xustiza restaurativa, onde participen os colectivos en situacións de vulnerabilidade.

Con este Pacto, as entidades asinantes perseguen reforzar o consenso social e político en defensa dos grupos en situación de vulnerabilidade, desde o rexeitamento aos discursos de odio que culpan a estas minorías de problemas reais ou ficticios. Ademais, buscan informar ás vítimas dos seus dereitos e das ferramentas que teñen para saber exercelos.

Segundo a presidenta da Federación Estatal LGTBI+, Uge Sangil, “a sinalización por parte dalgúns representantes políticos destes grupos ten un efecto terrible e desmedido porque canaliza as frustracións da poboación contra persoas que teñen dificultades para defenderse debido á súa situación de desigualdade. Alimentan as agresións e as discriminacións e poñen en risco a convivencia social”.

Medidas específicas

O texto subscrito recolle tamén unha serie de medidas concretas a adoptar como a elaboración de campañas de sensibilización; a análise estatística dos discursos de odio; a elaboración dun estudo anual do impacto individual e colectivo que teñen estas mensaxes nas persoas en situacións de vulnerabilidade ou a formación en materia de discurso de odio nas contornas laborais, ao funcionariado, aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, nos centros educativos e no ámbito sanitario, entre outras.

O Pacto Social foi asinado pola Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais, Intersexuais e máis (FELGTBI+); Fundación Triángulo; Asociación Chrysallis; Fundación ONCE; CERMI; Cesida; o Consello da Mocidade de España; Rede Acolle; CEAR; HOGAR SI; Fundación Secretariado Xitano; CCOO e UGT. Estas organizacións defenderon que “os discursos de sinalización e odio contra grupos en situación de vulnerabilidade, e as súas consecuencias, constrúen unha sociedade española con máis violencia, máis agresións e máis discriminación”.

Trátase dunha sociedade peor que ningún demócrata desexaría, unha auténtica involución que necesita unha acción decidida por parte da sociedade e dos partidos políticos para frear en seco o aumento do odio contra os grupos en situación de vulnerabilidade en España. É por iso que as entidades que loitaron incansablemente para avanzar nos dereitos humanos debemos actuar para contrarrestar esta urxente situación. E é que non podemos permitírnos dar ningún paso atrás.

A sociedade española é unha das sociedades máis abertas e respectuosas coa diversidade. As organizacións asinantes manifestan que os discursos de odio poñen en xogo a convivencia social e son contrarios ao modelo de inclusión e respecto que sempre exemplificou a sociedade española. Por iso, este Pacto será unha ferramenta fundamental para continuar avanzando en dereitos para todas as persoas.

A extrema dereita fréase con máis democracia, máis dereitos, máis diálogo social e máis Estado de Benestar

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou no Encontro ‘Go Left’, onde rexeitou a moción de censura presentada por Vox e puxo en valor o Diálogo Social “para mellorar a vida das persoas”.

Un encontro organizado pola Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT (FeSMC) xunto coa Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO, onde mostrou “con rotundidade o noso rexeitamento á moción de censura que se presentou. Unha moción que é un esperpento e un abuso constitucional, impulsada pola extrema dereita, coa que nos estamos enfrontando a nivel europeo os sindicatos desde hai anos, especialmente naqueles países onde gobernan”.

Neste sentido, considerou que “hai que quedar con cal sería a cara máis amable que podería ter un goberno de coalición entre o PP e Vox, que é a de Ramón Tamames. As súas propostas parécense máis ás do PP que ás de Vox. Ademais, as persoas traballadoras teñen que ser conscientes de cales son as alternativas á hora de votar. Coa dereita deste país, xa sabemos onde irán as reformas laboral e de pensións, a igualdade, os salarios... quérennos levar a unha España onde uns poucos teñen moito e moitos teñen bastante menos”.

Por iso, afirmou que á extrema dereita “fréaselle con máis democracia, máis dereitos, máis diálogo social e máis Estado de

Benestar, unha liña na que estamos a traballar desde hai tempo, con maior democracia interna nas empresas e maior negociación colectiva”.

“España é un referente de diálogo social entre empresarios e sindicatos e creo que estamos a marcar o camiño doutros países”, asegurou. “Europa debe ser un referente da concertación e das políticas sociais que non deixen a ninguén atrás. Defendemos o impulso dos dereitos das persoas traballadoras sen recorrer aos recortes e ás políticas de austeridade. As políticas expansivas non só son máis solidarias, senón tamén máis eficaces desde o punto de vista social e económico”.

UGT ADVIRTE DE QUE AS MULLERES MIGRANTES SON AS MÁIS VULNERABLES ÁS CRISES

Redacción.- Con motivo do Día Internacional da eliminación da discriminación racial a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores elaborou o informe Poboación e migración que analiza a situación das mulleres migrantes no mercado de traballo e o incremento do risco de pobreza ou de exclusión social polas consecuencias da pandemia provocada pola COVID-19.

UGT lembra que o 16'9% da poboación empadroada en 2022 ten a súa orixe nun movemento migratorio e que o 17'1% das mulleres e o 19'1% dos homes empadroados, teñen nacionalidade estranxeira ou naceron no estranxeiro.

A migración cara a España é o único factor que fai crecer a poboación, de feito, no ano 2022 o noso país alcanzou o máximo de poboación empadroada ata o momento con 47.385.107 persoas. Delas o 50'9% son mulleres, unha porcentaxe que no caso da po-

boación de nacionalidade estranxeira é do 49'5%.

O informe recalca que, en materia de emprego, as mulleres estranxeiras e as mulleres con dobre nacionalidade, atópanse sobrerrepresentadas nos grupos de ocupación con menores salarios medios brutos como traballadores dos servizos da restauración e ocupacións elementais, de feito, dúas de cada tres mulleres de ambos os grupos de poboación traballan nestas ocupacións.

O documento afirma que, en termos de emprego, hai máis similitudes entre mulleres estranxeiras e con dobre nacionalidade, que entre estas últimas e as mulleres de nacionalidade española. Neste sentido, as mulleres nadas no estranxeiro, en maior porcentaxe que os homes, consideran que o seu traballo require un nivel de competencias máis baixo que o último emprego que tiveron antes de chegar a España.

UGT advirte de que a concentración en postos de traballo con menores salarios e a dependencia das rendas do traballo, son algúns dos factores que fan á poboación migrante máis vulnerable ás crises e, neste sentido, alerta de que a taxa de risco de pobreza da poboación nacional de terceiros países no ano 2021 cos ingresos do ano 2020, alcanzou o 59%, unha porcentaxe superior a que nos deixaron os anos da crise iniciada en 2008. Ademais, mentres que a renda anual media da poboación de nacionalidade española e da nacional da UE aumentou entre os anos 2019 e 2020, a da poboación nacional de terceiros países descendeu un 19'3% e a taxa de risco de pobreza ou de exclusión social das mulleres nacionais de terceiros países chegou ao 66'2% e ao 71'8% no caso das mulleres maiores de 55 anos, de maneira que o impacto da crise desatada pola COVID-19 foi máis intenso en termos de ingresos e renda para este grupo de poboación.

Alianza polo Clima esixe maior e mellor participación social para un Plan Nacional de Enerxía e Clima ambicioso e aliñado coa ciencia

Redacción.- Ante a próxima revisión do Plan Nacional de Enerxía e Clima (PNIEC) que o Goberno de España deberá enviar á Comisión Europea, as organizacións de Alianza polo Clima demandan unha participación real e de calidade da sociedade para negociar de maneira colectiva a folia de roteiro das políticas públicas en materia climática. Unha participación plural na que se deberá atender en primeiro lugar a cidadanía e non priorizar as posicións do sector empresarial. Unha participación que permita a inclusión de novas iniciativas, así como unha profunda revisión do obxectivo de redución de emisións para que estea aliñado coas recomendacións científicas e limitar o quecemento global por baixo de 1,5°C.

Alianza polo Clima lembra que todos os gobernos, incluído o español, están moi lonxe de cumprir as recomendacións da comunidade científica. En palabras de Simon Stiel, Secretario Executivo da Convención Marco das Nacións Unidas para o Cambio Climático, #ante a presentación do último informe de síntese dos compromisos globais de 2022, manifestou que "aínda non estamos nin preto da escala e o ritmo das reducións de emisións necesarias para poñermos en camiño cara a un mundo de 1,5 graos centígrados. Para manter vivo este obxectivo, os gobernos nacionais deben reforzar os seus plans de acción climática agora e aplicarlos no próximos oito anos".

O último informe do IPCC volveu a sinalar que a xanela de oportunidade para limitar o

quecemento global en 1,5°C está a pechase rapidamente pola inacción dos gobernos; por tanto, cumprir coas sendas de redución coherentes con este horizonte do 1,5°C é innegociable. Para iso e, ante a actual crise climática e ecolóxica, é urxente unha revisión á alza dos obxectivos do PNIEC, como establece a Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (Lei 7/2021).

A aceptación das conclusións científicas por parte do Goberno de España debería levar a establecer un obxectivo maior de redución de emisións. Así, segundo establece no Informe de Síntese sobre os compromisos de redución de emisións do 2019, débese establecer unha redución global das emisións do 7,6% anual nesta década, o que no Estado español implicaría unha redución en torno ao -55% das emisións rexistradas en 1990 para o ano 2030.

Con todo, no verán de 2022 o Goberno lanzou unha consulta informal para recoller propostas ao proceso de revisión, que en opinión das organizacións de Alianza polo Clima foi profundamente insuficiente. A consulta reducía a participación ás políticas e medidas xa incluídas no PNIEC actual, sen poñer en cuestión a propia suficiencia dos obxectivos nin dar cabida a novas propostas. Nese sentido, as organizacións reunidas en Alianza polo Clima manifestan de novo que para realizar esta actualización



é necesario un debate amplo e aberto, tanto sobre cales son os obxectivos de redución necesarios e acordos coa ciencia como sobre a incorporación de medidas máis ambiciosas para alcanzar a descarbonización.

Ante este proceso de revisión do PNIEC, as organizacións de Alianza polo Clima esixen un debate público multinivel aberto a todas as partes interesadas con marxe e tempo suficiente, acorde cos criterios científicos, que non impida abordar novas e máis ambiciosas medidas para afrontar a emerxencia climática e ecolóxica, como as xa recollidas pola Asemblea Cidadá do Clima. As organizacións sinalan que a participación non pode ser efectiva se se realiza desde a presentación dun documento elaborado a porta pechada sen a implicación de todos os actores crave e con escasa ou nula acollida de importantes debates, como o da ambición climática e o obxectivo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

O EIXO SOCIAL DEBE PRESIDIR TODAS AS POLÍTICAS DA UE

Redacción.- O secretario de Relacións Internacionais de UGT, Jesús Gallego, interveu no Cume Social Tripartito, o foro máis importante de diálogo social na Unión Europea (UE) que aborda cuestións de emprego, protección social, educación e formación.

Esta reunión, presidida pola Presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen e do presidente do Consello de Europa, Charles Michel, centrouse en como garantir a transformación en todos os sectores industriais e lograr unha transición económica e socialmente xusta.

Durante a súa intervención, Jesús Gallego defendeu políticas completamente distintas ás impostas durante as crises financeiras e económicas de 2008 e 2011, que tiveron como principio fundamental o incremento da competitividade empresarial a través da redución dos custos laborais. Políticas tremendamente inxustas, que provocaron un aumento da pobreza e a desigualdade social, como ocorreu en España, onde se produciu un grave empeoramento das condicións laborais e unha perda de dereitos sociais.

Gallego destacou ademais que baixo a excusa destas crises produciuse unha descentralización da negociación colectiva, o enfraquecemento da forza vinculante dos convenios colectivos, a limitación da facultade

negociadora da representación das persoas traballadoras, a desvalorización salarial, o uso abusivo e unilateral da flexibilidade laboral en favor da empresa, etc. Factores que provocaron un retroceso laboral e social en España que se tardou 10 anos en reverter.

Con todo, 'grazas á loita e o tesón das organizacións sindicais e ás alianzas políticas desafiáronse os postulados neoliberais na UE e apostouse por outra maneira de afrontar os desafíos da crise e da transformación do mundo industrial e laboral. O diálogo social e os acordos conseguiron: creación de emprego estable e de calidade, dignificación dos salarios, a autonomía e eficacia da negociación colectiva, e unha protección social, que evite a caída na pobreza e o aumento da desigualdade social (...) Fortalecéronse as relacións laborais, en especial, dos máis novos e das mulleres, e estanse reequilibrando as relacións colectivas, fundamentais para mellorar os salarios e as condicións laborais'.

Avances que constatan que é posible afrontar as crises económicas e a transformación industrial doutra maneira, sen caer en políticas regresivas do pasado. Hai que antepoñer o interese social, no eixo de todas as políticas. Gallego pediu que o 'diá-



logo social e a negociación, sen inxerencias, que tan bos resultados demostraron en España e en Europa, deben presidir todas as actuacións da UE. A Comisión Europea debe coidar e fomentar esta fonte de consenso e beneficios sociais e económicos. Pola contra, Europa enfrontarase a un futuro cuxos negros resultados coñecemos do pasado máis inmediato'. Neste sentido, advertiu que calquera intento de volver ás políticas de austeridade do pasado contará coa oposición das organizacións sindicais, pois só procrearon antieuropeísmo, pobreza e inxustiza.

Este Cume congrega aos máximos representantes da UE, coas confederacións sindicais e a patronal europea, así como a Presidencia de quenda da UE. Jesús Gallego participou en representación de España, que ocupará a Presidencia de quenda do Consello da UE.

MÁIS DE 2.200 MILLÓNS DE PERSOAS CARECEN DE ACCESO A AUGA POTABLE

Redacción.- No día Mundial da auga, UGT defende que a auga é un elemento esencial para o desenvolvemento sostible, e unha correcta xestión dos recursos hídricos é clave para reducir a pobreza, crear emprego verde e decente e aumentar a sustentabilidade ambiental.

A celebración deste día mundial da auga, hoxe 22 de marzo, coincide co arranque da Conferencia da ONU sobre a auga 2023 (22-24 de marzo, en Nova York). Unha conferencia que non se daba desde hai máis de 45 anos e que UGT considera como unha oportunidade enorme para buscar solucións á crise actual da auga e o saneamento.

Un día que ten como obxectivo propiciar a adopción de medidas para afrontar a crise mundial da auga e apoiar a consecución do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) 6: auga e saneamento para todos e aquí a 2030. O tema deste ano 2023 é "Ace-

lerar o cambio", debido a que existe a necesidade urxente de avanzar moito máis rápido do que estamos a avanzar ata o de agora na devandita materia. De feito, denúnciase que miles de millóns de persoas e innumerables empresas, escolas ou centros de saúde ven restrinxido, porque aínda non se cumpriron os seus dereitos humanos, o acceso á auga e ao saneamento.

En 2015, o mundo comprometeuse, como parte da Axenda 2030, a que todas as persoas terían auga e saneamento xestionados de forma segura para o ano 2030. Con todo, os últimos datos mostran que os gobernos deberían traballar catro veces máis rápido do que o están facendo a día de hoxe para cumprir co ODS 6 a tempo e cumprir así a promesa.

Ademais, os problemas que se atopan ao longo do ciclo e a xestión da auga están a socavar o progreso noutros aspectos fundamentais para a humanidade, como a sa-

úde, a loita contra a fame, a igualdade de xénero, a creación de emprego decente, a educación, a transición ecolóxica ou a paz.

O pasado 4 de marzo, a ONU aprobou o primeiro Tratado Internacional para a Protección dos Océanos. Con este marco legal, preténdese protexer o 30% dos océanos do mundo antes de 2030. Ademais, destinará máis diñeiro á conservación mariña e cubrirá o acceso e o uso dos recursos xenéticos mariños. Para UGT, este acordo sen dúbida é un paso na liña correcta, fundamental para abordar a tripla crise planetaria do cambio climático, a perda de biodiversidade e a contaminación. UGT insta ao Goberno a ratificar o Tratado da ONU, a acelerar o cumprimento do ODS 6 e da Directiva Marco da auga e a implantar as medidas necesarias para adaptarse á nova realidade climática, mellorar a eficiencia no uso da auga e conseguir o bo estado de todas as masas de auga e dos ecosistemas asociados.